

Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Fundación Galicia Europa para a realización de programas de información sobre a Unión Europea e de proxectos de cooperación europea, destinados á xuventude galega, no exercicio 2021.

En Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, en virtude do seu cargo de conselleira de Política Social, para o que foi nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e co Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

E doutra, don Jesús María Gamallo Aller como director da Fundación Galicia Europa, que intervén neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte e un de decembro de dous mil dezaioito, co número tres mil trescentos setenta e oito do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela e con código de identificación fiscal G15140023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Europa creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e se rexe pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resultalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime presupostaríao, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control, dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan no seu estatuto.



A Fundación, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a UE, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Europa, xa dende os seus inicios, recoñece á mocidade galega como principal destinataria da súa actividade de carácter informativo, de formación e de sensibilización sobre asuntos europeos, así como de participación en proxectos europeos de cooperación, principalmente co Norte de Portugal, que promoven o emprendemento e a adquisición de habilidades por parte da mocidade para a mellora da súa empregabilidade.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 216/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. A dita consellería, a través da Dirección Xeral competente en materia de xuventude é a responsable da Rede Galega de Información Xuvenil, para a consecución dos obxectivos propostos no Título V do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e no Capítulo II da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, rede que ten como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil se desenvolvan en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

Quinto.- Que a Consellería de Política Social considera esencial o apoio á Fundación Galicia Europa para o desenvolvemento de actividades de carácter informativo e de asesoramento á mocidade sobre a Unión Europea así como para o desenvolvemento de proxectos a prol daquela.

A dita consellería considera que, como medida para afrontar a demanda de información sobre Europa e a multiplicación de iniciativas para á mocidade en materia de mobilidade, cómpre o establecemento de accións que dean resposta de maneira axeitada ás demandas dos mozos e mozas, establecendo unha estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información Xuvenil.

Sexto.- Que, dado o carácter nominativo da subvención a favor da Fundación Galicia Europa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, non é posible promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Galicia Europa para o financiamento pola Consellería dos programas de información e sensibilización da fundación sobre a Unión Europea dirixidos á mocidade galega, así como para o desenvolvemento pola fundación de proxectos de cooperación europea en beneficio dos mozos e mozas galegos e portugueses, durante o ano 2021.



Segunda.- actuacións da entidade

A Fundación Galicia Europa difundirá a través das súas canles a actualidade comunitaria de interese para a mocidade publicada na web www.fundaciongaliciaeuropa.eu e, especialmente, as posibilidades de prácticas e saídas profesionais na Unión Europea e organizacións internacionais publicadas na súa guía en liña www.guias.fundaciongaliceuropa.eu. O portal web da Fundación Galicia Europa ofrecerá un apartado específico sobre a información europea dirixida á mocidade a modo de oficina virtual de información, baixo o nome de EuroXuventude. As redes sociais de ambas entidades utilizaranse para reforzar a comunicación destes temas.

Así mesmo, a Fundación Galicia Europa deseñará un programa de charlas telemáticas dirixidas á mocidade para informar de asuntos europeos do seu interese e mellorar a participación da mocidade galega na UE. A Fundación definirá os temas máis relevantes en relación coa Unión Europea que cómpre abordar nestes actos dirixidos á mocidade, e ofrecerá a súa participación ao longo do ano en formato telemático. Estas charlas non se destinarán só aos centros integrantes da Rede Galega de Información Xuvenil senón que, atendendo á demanda xeral por parte da xuventude sobre orientación e coñecemento de oportunidades dentro da Unión Europea e aproveitando o alcance das plataformas dixitais, que permiten un maior número de asistentes, se ampliará o público obxectivo a toda persoa moza de entre 18 e 30 anos interesada na temática.

Para dar resposta ás preocupacións e demandas da mocidade, a Fundación Galicia Europa participará na Conferencia sobre o Futuro de Europa, iniciativa impulsada pola UE como oportunidade de reflexión sobre o rumbo da Unión Europea e a súa estrutura institucional. O obxectivo que persegue a Fundación é promover o debate sobre o proxecto europeo na mocidade e contribuír á súa participación activa no marco da Conferencia, especialmente no eido da cooperación transfronteiriza. Para esta fin, este exercicio de reflexión será obxecto dunha actividade conxunta con outras entidades galegas e portuguesas, coas que se concretará unha acción conxunta, baseada en diferentes actividades informativas e de sensibilización, ao abeiro desta Conferencia. Durante o transcurso desta acción conxunta, que durará ata decembro de 2021, as diferentes entidades publicarán de maneira quincenal un vídeo destacando a importancia de participar na Conferencia desde o eido da cooperación transfronteiriza e poñendo á xuventude no centro do debate.

As entidades participantes son: AECT Galicia-Norte de Portugal, o Instituto Portugués de Deporte e Xuventude, a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal, a Eurocidade Chaves-Verín, EU COOPERO, o Instituto Galego do Talento, Europe Direct A Coruña, Europe Direct Lugo, Europe Direct Minho, Europe Direct Tâmega, Sousa e Alto Tâmega, Europe Direct Bragança e a rede Erasmus Student Network de Santiago de Compostela.

Por outro lado, a Fundación Galicia Europa continuará apoiando e participando en 2021 en dous proxectos europeos cuxos destinatarios son os mozos e mozas galegos e portugueses e que teñen como obxectivo último mellorar a súa empregabilidade mediante, entre outros, a adquisición de novas capacidades, o apoio ao emprendemento e o aproveitamento das vantaxes resultantes da cooperación transfronteiriza:

a) Proxecto "Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo" (acrónimo: LIDERA) ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través da mellora das capacidades laborais e de emprendemento da mocidade de Galicia e Norte de Portugal. Durante o ano 2021 a Fundación Galicia Europa realizará as seguintes actividades:

- Actividade "Crece": apoio, participación e asesoramento aos mozos e mozas de maneira telemática; nos encontros sectoriais; no impulso das accións de mobilidade xove e na posta en



marcha de iniciativas para a mocidade emprendedora, xa sexa presencial, telemáticamente ou a través das nosas canles de comunicación máis directas.

- Actividade "Cataliza": apoio no establecemento dunha metodoloxía de titorización individual, asistencia e apoio na formación personalizada, no desenvolvemento de accións de coaching individual a mozos e mozas en proxectos e iniciativas europeas xuvenís. Realizaranse talleres formativos cos participantes do curso realizado a finais de 2020, sobre programas de financiamento para o sector do turismo, así como reunións con mozos e mozas que participaron no proxecto para asesoralos na materia.

- Actividade "Emprende": apoio no establecemento dunha metodoloxía de titorización individual (ámbito programas europeos, aspectos legais), seguimento das iniciativas empresariais dos mozos e mozas que se formaron nas diferentes actividades; xa sexa presencial, telemáticamente, ou a través das nosas canles de comunicación máis directas.

- Actividade de comunicación: realización dos *clipping* de prensa, realización dos boletíns dixitais trimestrais e coordinación de artigos divulgativos.

b) Proxecto "A Eurocidade Chaves Verín como ferramenta de aproximación de Europa 2020 aos cidadáns" (acrónimo: Eurocidade_2020), proxecto que pretende consolidar a cooperación entre as cidades fronteirizas de Chaves e Verín en ámbitos como o deporte, a cultura ou a educación, cos mozos e mozas como principais beneficiarios do proxecto. Durante o ano 2021 a Fundación Galicia Europa realizará as seguintes actividades:

- Actividade "Eurocidade Intelixente": apoio, asesoramento e formación para a promoción de proxectos europeos a aqueles mozos e mozas que así o precisen e/ou demanden a través do Local de Ensaio ou a Oficina de Información Xuvenil Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal; capacitación a emprendedores e empresarios para a creación de emprego e a promoción de programas europeos do seu interese.

Terceira.- Crédito orzamentario

A achega financeira ao citado convenio, no que atinxe á Consellería de Política Social, establécese en corenta e dous mil cincocentos euros (42.500 €), con cargo á partida orzamentaria 13.06.313A.443.02, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, para a posta en marcha das actividades de apoio á mocidade galega no ámbito da Unión Europea, recollidas no expoñendo terceiro e na cláusula primeira.

Cuarta.- Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a Fundación.

Quinta.- Gastos subvencionables



1. Con carácter xeral e de conformidade co artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade obxecto deste convenio e se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.
2. Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán gastos subvencionables os custos do persoal destinado á execución das actividades descritas na cláusula primeira. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.
3. Gastos derivados da realización das actividades descritas na cláusula primeira: serán gastos subvencionables a elaboración de materiais, os gastos de publicidade específicos das actividades e material de oficina.

Sexta.- Xustificación

1. A achega da Consellería de Política Social será librada nunha conta corrente da que sexa titular a Fundación, previa presentación da xustificación das actividades realizadas, para o que a Fundación Galicia Europa deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades realizadas e dos resultados obtidos que serán obxecto das condicións impostas na concesión da subvención.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

- No caso de gasto de persoal: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.

c) Unha certificación expedida polo director da Fundación Galicia Europa, da realización das actividades e o gasto derivado delas.

d) Unha declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

e) Unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A documentación xustificativa prevista nesta cláusula deberá remitirse con cada xustificación parcial e, en todo caso, o 30 de decembro de 2021, data límite de xustificación.

3. Coa xustificación final o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable nos termos do artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social



e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

5. A data límete de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é do 30 de decembro de 2021. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2021.

6. En aplicación ao artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

7. A falta de presentación de xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límete na primeira quincena de febreiro de 2022.

Sétima.- Pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique, de conformidade co disposto na cláusula quinta, os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada consonte ao disposto na cláusula anterior.

c) Estes libramentos quedan exonerados da constitución de garantías consonte ao disposto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009.

3. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria, segundo o establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Oitava.- Vixencia

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2021. Non obstante, abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2021.

Novena.- Modificación. Denuncia

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio en calquera momento, de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décima.- Obrigas

A Fundación Galicia Europa deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Fundación Galicia Europa deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Deberá igualmente subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Décima primeira .- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.



De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima segunda .- Comisión de seguimento e control

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas.

2. A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do convenio.

3. A representación da Consellería, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión.

No caso de ausencia, será substituída por quen designe a persoa titular da Consellería.

4. A representación da Fundación Galicia Europa, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a presidencia do Padroado da Fundación.

5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

6. Esta comisión que se reunirá por petición de calquera das partes, será mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipulada no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que susciten en relación co outorgamento, xustificación e pagamento, así como reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social.

7. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 127 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Relacións contractuais ou laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados da Fundación Galicia Europa que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

Para levar a cabo os obxectivos e fins do convenio, a Fundación Galicia Europa poderá contratar, con cargo ao orzamento sinalado na cláusula segunda, persoal para o desenvolvemento das actividades descritas. Neste caso, a Fundación Galicia Europa asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades descritas no convenio.

Décimo cuarta .- Publicidade e transparencia



1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo quinta.- Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento de concesión directa dunha subvención pública.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo sexta.- Réxime xurídico e normativa de aplicación

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro,



na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
A conselleira**

**POLA FUNDACIÓN
GALICIA EUROPA
O director**

Asdo.: Fabiola García Martínez

Asdo.: Jesús María Gamallo Aller

